

PROCEDIMENTO PARA ADMISIÓN ALUMNADO(*)

CURSO ACADÉMICO 2024/2025 (*) novo alumnado

A admisión de alumnado neste Centro para o curso 2024/25 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN.

- **Decreto 13/2022**, do 3 de febreiro. (DOG, 11/02/2022)
- **Orde do 12 de marzo de 2013**. (DOG, 15/03/2013)
- **Orde do 25 de xaneiro de 2017** (DOG, 01/02/2017) que modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- **Orde do 21 de outubro de 2022** pola que se desenvolve o decreto e se regula o procedemento de admisión do alumnado (DOG núm. 212, 8 de novembro)
- **Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.**

2.- CALENDARIO DO PROCESO DE ADMISIÓN:

- Publicación de vacantes: antes do 1 de marzo.
- Presentación da solicitude de admisión: do 1 ao 20 de marzo de 2024.
- Formalización de matrícula: do 20 ao 30 de xuño.

3.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

POSTOS ESCOLARES VACANTES CURSO 2024-25			VACANTES NEAE*
	CURSO	VACANTES	
INFANTIL	4º (3 anos)	20	6
	5º (4 anos)	9	
	6º (5 anos)	24	
PRIMARIA	1º EP	12	6
	2º EP	13	
	3º EP	6	
	4º EP	11	
	5º EP	2	
	6º EP	11	

(*) Inicialmente reservados para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

(atendendo ao disposto no capítulo V da Orde do 12 de marzo de 2013)

4.- CRITERIO COMPLEMENTARIO:

O Consello Escolar do centro, na súa reunión extraordinaria celebrada o día 2 de abril de 2013, ACORDOU establecer como criterio complementario no proceso de admisión: *Solicitar en 1º lugar un centro público.*

5.- IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO E ZONA DE INFLUENCIA XEOGRÁFICA DO CENTRO:

Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o centro está adscrito ao **IES MARUXA MALLO**.

Rúas e lugares que corresponden á zona deste centro CEIP "CAMPOMAIOR": Parroquia de Ordes, lugares de O Alto, O Bidueiro, O Casal, As Casillas, Darefe, Fraga da Galiña, Gosende, O Balado e Guindiboo (vivendas ubicadas antes do río en sentido Ordes-Santiago).

Así mesmo acolle o alumnado que vive nas rúas comprendidas entre a rúa Alfonso Senra e o colexio. Son as seguintes:

- Rúa Alfonso Senra: vivendas con nº par.	- R.Fonte	- R. Da Costa
- Travesa Fonte	- R. Alfredo Brañas	- R. Mediodía
- Praza de Abastos	- R. Boa Vista	- Praza Abastos
- R. Víctor González Faya	- R. Recreo	- Travesa de Campeiras
- R. Canteira	- R. Campeiras	- R. Compostela
- R. Coruña	- R. Reconciliación	- R. Mirón
- R. Mercado	-R. Mestre D. Alfonso Lesta	- R. Muíño
- R. Feira	- R. Ramón Ferreiro	- R. Parque Municipal
- R. Quintas	- Rúa Reverencia	- R. Vista Alegre
- Travesa Quintas	- Travesa Reverencia	- R. Campomaior

6.- XORNADA DE PORTAS ABERTAS PARA E. INFANTIL.

Realizarase una xornada de portas abertas para dar a coñecer ás familias interesadas as instalacións e organización do centro en caso de interese por parte das mesmas e será publicada a data na web do centro.

7.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude de admisión, que se axustará ao modelo oficial EDB550B pódese recoller na Conserxería do centro, descargala da páxina web do colexio e na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación «[admisionalumnado](#)» ([https://www.edu.xunta.es/admision alumnado](https://www.edu.xunta.es/admision%20alumnado)).

As solicitudes de admisión, **dirixidas á dirección dos centros públicos** presentaranse mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso «[admisionalumnado](#)» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).

Tamén se poderán presentar **de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción** (deberá ser presentada no centro educativo, no horario dispoñible, entre **o 1 e o 20 de MARZO**, ambos incluídos, e, ademais, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común empregando o formulario normalizado, debendo ir acompañadas de:

- Copia do DNI, copia do libro de familia ou documentación acreditativa do requisito de idade do alumno ou alumna.
- No caso de optar a un curso de primaria, deberán achegar tamén certificación oficial de matrícula do centro de procedencia.
- En caso de separación xudicial ou divorcio, deberán presentar copia do convenio regulador ou resolución xudicial.
- En caso de optar a unha praza reservada para **alumnado con NEAE**

Deberán facelo constar no Anexo II e achegar a documentación xustificativa.

Aos efectos de comprobación, é necesario presentar o orixinal de todos os documentos fotocopiados.

Na solicitude deberán manifestar se desexan ou non empregar o servizo de transporte escolar.

Na folla 3 do Anexo II da Orde, os/as solicitantes deben marcar os criterios os que opten para a baremación.

Poderedes consultar o estado de tramitación da solicitude a través da aplicación informática «[admisionalumnado](#)» empregando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

A notificación electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de [Galicia Notific@](mailto:GaliciaNotific@https://notifica.xunta.gal)(<https://notifica.xunta.gal>) realizarase con respecto aos trámites e actos propios da competencia das xefaturas territoriais, sempre que a persoa elixira esta modalidade como medio de notificación preferente.

8.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS.

Naqueles cursos nos que exista máis demanda que oferta de postos escolares, os pais, nais ou titores legais do alumnado afectado presentarán no Centro, no prazo do **24 de marzo ao 6 de abril**, ambos os dous inclusive, a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, porén, para facilitar trámites e viaxes ao Centro, **poderán achegala coa solicitude.**

A documentación que se presente en calquera trámite do procedemento deberá ser orixinal e copia, ou copia cotexada.

Só será necesario presentar a documentación relativa aos criterios de: domicilio fiscal, renda, condición de familia numerosa e discapacidade da/o alumna/o, do/a proxenitor/a, do titor/a ou dos irmáns/ás **cando a persoa interesada denegue a consulta automática de datos** (art. 17.1).

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente (art. 17.2).

9.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO.

A partir do día 25 de abril.- Publicación da **resolución provisional de admitidos** e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e **poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

A partir do 15 de maio, e unha vez resoltas as posibles reclamacións presentadas, **farase pública a resolución definitiva** de alumnado admitido e non admitido. Contra esta resolución poderase presentar recurso de alzada ante a Xefatura Territorial da Conselleríade Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

10.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

Os alumnos e/ou alumnas admitidos no centro formalizarán a súa inscrición na Secretaría do centro do **20 ao 30 de XUÑO**. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

11.- HORARIO DO CENTRO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O horario do centro é de 9:30 a 14:30.

Horario de atención na administración do centro: de 9:30 a 11:30 e de 12:00 a 14:30.

Os **SERVICIOS COMPLEMENTARIOS** que ofrece o Centro son:

Transporte escolar: Servizo de transporte da Consellería de Educación:

- 1ª RUTA: Campomaior, Rúa Mediodía, Regueiro 1, Fraga da Galiña 1, Casillas 1, O Taller, Guindiboo de Abaixo, Guindiboo, Guindiboo de Arriba, O Taller 2, Casillas 2, Fraga da Galiña 2, Regueiro 2.

- 2ª RUTA: Campomaior, Autoescola, O Valado, Empalme, Raxide, Darefe 1, O Bidueiro, O Casal 2, O Casal 1 e O Alto.

Actividades Extraescolares.

Organizadas e xestionadas pola ANPA “O Futuro” do CEIP Campomaior e o Concello de Ordes.

Algunhas das actividades realízanse no centro ou polideportivo e outras noutras entidades ou piscina municipal. Os gastos de inscrición comunícanse oportunamente. Organízanse no mes de SETEMBRO. Son de carácter voluntario.”

Servizo “Bos días cole” e “Cambiadores.

Servizos organizados pola ANPA “O Futuro” en función das familias interesadas.

OBSERVACIÓN IMPORTANTE

Cada solicitante só poderá presentar **unha única solicitude**, relacionando nela por orde de preferencia **ata seis centros** nos que solicita praza, **non é posible modificar os centros relacionados nin a súa orde de prelación**. Esta instancia será entregada no centro no que solicite praza en primeiro lugar.

A renuncia á solicitude presentada, non permite presentar unha nova.

O alumnado que ten garantía de permanencia no centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao noso centro.

A solicitude terá que vir **asinada por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais**.

No caso de **separación ou divorcio** será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles.

En ambos casos, xunto coa solicitude, será necesario presentar a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

No suposto de alumnado afectado por situación de violencia de xénero non será esixible o previsto no parágrafo anterior.

No caso en que o solicitante presente máis dunha solicitude, poderá perder o dereito de prioridade que lle puidese corresponder. As solicitudes entregadas fora de prazo enviaranse directamente á Comisión de Escolarización creada por inspección educativa.

Ordes, 20 de febreiro de 2024.

O equipo directivo do CEIP Campomaior.